

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 22 DE XULLO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto de asunción das funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 753/2010, do 4 de xuño, de ampliación dos medios patrimoniais adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia por diversos reais decretos de traspasos de funcións e servizos.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se crea a Comisión interdepartamental de seguimento da tramitación de infraestruturas eléctricas.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Lalín, para colaboración nas obras en execución da nova casa do concello, por importe dun millón dezasete mil trescentos trinta e catro euros con sesenta e nove céntimos (1.017.334,69 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación de Ourense, para a construción dun punto limpo con parque comarcal no concello de Vilamartín de Valdeorras, por importe de trescentos oitenta e oito mil noventa e sete euros con setenta céntimos (457.955,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación Provincial de Ourense, para a construción dun parque comarcal na Baixa Limia, no concello de Muíños, por

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

importe de douscentos setenta e dous mil catrocentos trinta e cinco euros con vinte e sete céntimos (321.473,62 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e “Aguas de la Cuenca del Norte S.A.” como usuarios da actuación hidráulica “saneamento de Vigo”.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para modificar o prazo de presentación de solicitudes na liña de avais, ao abeiro do convenio asinado o 25 de setembro de 2009, entre o Igape e diversas entidades financeiras para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional (Programa Re-brote).

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación de Empresarios de Galicia, para a realización de actuacións de normalización lingüística, por un importe de cento cincuenta e cinco mil euros (155.000,00 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o gasto plurianual, polo importe total de trescentos dezasete mil douscentos euros (317.200 €), derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as bolsas de formación en biblioteconomía mediante a colaboración titorizada en diversos centros bibliotecarios.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o mantemento da federación e a promoción de actividades a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á licitación dun contrato para a xestión dun servizo público de reserva e ocupación de prazas en residencias para persoas con discapacidade intelectual e trastorno mental en Monterrei-Pereiro de Aguiar (Ourense), mediante a modalidade de concerto, polo procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, tramitación urgente (Expediente: PN 7/2010), por un importe de cento noventa e sete mil catrocentos euros (97.400,00 €).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á licitación dun contrato para a xestión dun servizo público de reserva e ocupación de prazas en residencia para persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns en Vigo (Pontevedra), en réxime de concerto, polo procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, tramitación urxente (Expediente: PN 8/2010), por un importe de cincuenta e catro mil novecentos oitenta e seis euros con doce céntimos(54.986,12€).

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e as asociacións de produtores pesqueiros e acuícolas, por importe de cento doce mil cen euros (112.100,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, para a execución do proxecto de recuperación da Ría de Ferrol (bancos submareais), por importe total de dous millóns novecentos dezaioito mil douscentos corenta e nove euros e cincuenta céntimos (2.918.249,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Mugar dos, para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais, por importe de cento sesenta e un mil cincocentos sesenta e nove euros e oitenta e cinco céntimos (161.569,85 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Autoridade Portuaria da Coruña, para a realización das obras de "Construción de pantaláns flotantes na dársena pesqueira de Oza (A Coruña)", para o sector da pesca artesanal no porto da Coruña, por importe total de trescentos trinta e nove mil seiscentos corenta e cinco euros con setenta e nove céntimos (339.645,79 €)

**INFORMES****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a creación do Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (corazón dixital de Galicia) e o traslado da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ao edificio administrativo e outros espazos da Cidade da Cultura.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre o Sistema Electrónico de Facturación.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a orde de axudas destinadas a entidades locais para o financiamento de proxectos no ano 2010 de actuacións en materia de protección do medio ambiente

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe do proxecto piloto de atención e seguimento a pacientes incluídos en grupos de risco pola vaga de calor
- Informe da actividade dos dispositivos sanitarios Xacobeo 2010

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA ASUME A TITULARIDADE DE TRES INMOBLES QUE ERAN DO ESTADO, TRANSFERIDOS COMO PAGAMENTO DE PARTE DA DÉBEDA DE SUPERFICIE**

- *Os bens patrimoniais traspasados sitúanse na Coruña, Ourense e Pontevedra*
- *O Estado recoñece débeda de superficie a favor da comunidade galega, que se debe ir saldando mediante ampliacións de determinados bens patrimoniais*

O Consello da Xunta na súa xuntanza semanal aprobou o decreto de asunción das funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real Decreto 753/2010 de ampliación dos medios patrimoniais adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma galega por diversos decretos de traspasos de funcións e servizos.

Mediante este decreto, a comunidade galega asume de forma expresa tres medios patrimoniais nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias, e asígnaos aos órganos correspondentes da Administración autonómica galega, quedando desta maneira, asignados á Consellería de Facenda, que exercerá as atribucións que lle corresponda conforme as normas que regulan a súa estrutura.

A Administración estatal, en diversos reais decretos que aprobaron acordos de traspaso en funcións e servizos en diferentes materias á Comunidade Autónoma de Galicia, recoñece unha débeda de superficie a favor da comunidade que se deberá ir saldando a través das correspondentes ampliacións de traspasos.

Por isto procede completar os traspasos aprobados, mediante a ampliación de determinados bens patrimoniais, facendo así posible que a Administración central liquide parte da débeda de superficie recoñecida á Comunidade Autónoma galega.

Quedan traspasados á Comunidade galega os seguintes bens inmobles:

- Edificio Monelos. r/ Salvador de Madariaga (A Coruña) 4.813 m<sup>2</sup>
- Avda. Habana, 105 (Ourense) 697 m<sup>2</sup>
- Benito Corbal, 47 (Pontevedra) 293m<sup>2</sup>

O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA CREAMÁ A COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DE SEGUIMENTO DA TRAMITACIÓN DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS PARA ACURTAR A XESTIÓN ADMINISTRATIVA DESTES PROXECTOS

- *A consellería que dirixe Javier Guerra presidirá esta comisión co obxectivo de coordinar e axilizar a tramitación dos proxectos de construción de novas infraestruturas eléctricas ou de adecuación das xa existentes, suxeitos a unha complexa tramitación en que participan diversos organismos públicos*
- *Esta iniciativa está orientada a acadar a mellora continua da subministración eléctrica, atender as crecentes necesidades da demanda e posibilitar a evacuación da enerxía eólica que se prevé instalar en Galicia, de acordo co plan re-Xurde 2010*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se creará a Comisión Interdepartamental de Seguimento da Tramitación de Infraestruturas Eléctricas, que ten como finalidade acurtar os tempos e axilizar a xestión administrativa dos proxectos e iniciativas no eido da enerxía eléctrica.

A Consellería de Economía e Industria ten como un obxectivo prioritario fomentar a mellora continua da subministración eléctrica e atender as crecentes necesidades da demanda. Ademais, a evacuación da enerxía eólica que se prevé instalar en Galicia, de acordo co plan re-Xurde 2010, tamén implicará a necesidade de acometer obras tanto de reforzamento de liñas eléctricas existentes como a construción doutras novas.

A creación da Comisión Interdepartamental de Seguimento da Tramitación de Infraestruturas Eléctricas xorde da necesidade de tramitar e executar coa maior axilidade os proxectos de construción de novas infraestruturas eléctricas ou de adecuación das xa existentes e, deste xeito, acurtar a complexa tramitación administrativa previa motivada pola necesaria implicación de diversos organismos da Administración pública.

As funcións deste órgano de seguimento da construción e adecuación de infraestruturas eléctricas serán: analizar a situación dos expedientes administrativos das instalacións eléctricas en tramitación; impulsar o seu avance co fin de conseguir unha maior eficacia da Administración e unha redución dos prazos de tramitación, e propoñer medidas e solucións factibles ou alternativas que permitan culminar a tramitación administrativa dos expedientes.

A comisión estará presidida pola Consellería de Economía e Industria e contará coa presenza dos titulares das xefaturas dos departamentos territoriais da Consellería de Economía e Industria; con vogais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, correspondentes ás secretarías xerais de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Calidade e Avaliación e da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe; con vogais da Consellería do Medio Rural, das direccións xerais de Conservación da Natureza e de Montes; e tamén contará cun representante da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como vogal da Consellería de Cultura e Turismo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Así mesmo, poderán asistir ás reunións, con voz pero sen voto, técnicos das consellerías representadas na comisión, e representantes de: Rede Eléctrica de España S.A.; Gas natural- Unión Fenosa Distribución, S.A.; BEGASA; APYDE; Asociación Eólica de Galicia (EGA) e os titulares dos expedientes administrativos que vaian ser tratados nela.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA ACHEGA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA A URBANIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DAS NOVAS INSTALACIÓNS CENTRALIZADAS DOS XULGADOS, CATASTRO E CONCELLO DE LALÍN**

- *O fin do proxecto é converter o ámbito no centro administrativo público de Lalín, definido polo edificio dos xulgados e o da nova casa do consello, que tamén albergará as dependencias do catastro*
- *O financiamento abarca unidades de urbanización, finalización das obras e traballos complementarios*
- *Medio Ambiente pretende fomentar a creación, recuperación e rehabilitación de espazos públicos, co fin de conseguir cidades, vilas e núcleos de poboación máis atractivos e para uso e goce dos cidadáns*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Lalín para as obras de urbanización e acondicionamento das novas instalacións centralizadas dos xulgados, catastro e casa do concello do municipio pontevedrés.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, realiza unha achega económica de máis dun millón de euros distribuídos en dúas anualidades que se corresponden cos exercicios do presente 2010 e o vindeiro 2011. Con anterioridade a este financiamento, concretamente no ano 2009, o municipio lalinense recibiu un importe de 600.000 euros por parte do Goberno galego.

Os capítulos de gasto que se van financiar abarcan unidades de obra correspondentes a urbanización, finalización das execucións e traballos complementarios.

O conxunto da actuación desenvólvese coa finalidade de converter o ámbito no centro administrativo público de Lalín, definido polo edificio dos xulgados e o da nova casa do concello que tamén albergará as dependencias do catastro, ORAL e outras dependencias.

**Obxectivos**

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, cumpre co seu obxectivo de mellora da calidade dos espazos urbanos. Ademais, contribúe á conservación e dotación de edificios e outros elementos de infraestruturas.

A citada actuación, pola súa finalidade, está comprendida dentro dos orzamentos do Plan *HURBE*, co que se pretende fomentar a creación, recuperación e rehabilitación de espazos públicos, co fin de conseguir cidades, vilas e núcleos de poboación máis atractivos e para uso e goce dos cidadáns.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Obrigas**

Por unha parte, a Xunta comprométese a participar no financiamento da actuación recollida neste convenio. Ademais, o Goberno galego reserva para si o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Por outra parte, o Concello de Lalín obrígase a redactar o proxecto técnico das actuacións e realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos necesarios. O ente local tamén se encargará da contratación, execución, dirección, control e recepción das obras.

Finalmente, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das dúas partes citadas anteriormente. No marco da comisión, resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

**MEDIO AMBIENTE FINANCIA A EXECUCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS MEDIANTE A ACHEGA DE 458.000 EUROS**

- *Os traballos centraranse no movemento de terras, urbanización, instalacións xerais, colocación de contenedores ou sinalización*
- *As novas infraestruturas situaranse na localidade de Valdegodos*
- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estima un prazo de execución de 9 meses para a finalización das obras*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández ten prevista a execución de preto de 300 novos puntos limpos no período 2010-2020, que se engadirán aos 120 existentes na actualidade*
- *O propósito básico é o de minimizar as verteduras nos depósitos controlados, especialmente os que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración técnica financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coa Deputación de Ourense para a construción dun punto limpo no concello de Vilamartín de Valdeorras.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, achega un total de 457.955 euros para a execución do citado proxecto ambiental, que se situará no lugar de Valdegodos.

Os traballos centraranse no movemento de terras, urbanización e colocación de instalacións xerais. O novo recinto tamén contará cunha oficina e un almacén así como un peche perimetral e acceso. Ademais, o proxecto disporá de contenedores e sinalización e recollida de residuos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estima un prazo de execución de 9 meses para a finalización das obras.

**Aposta polos puntos limpos**

Este proxecto unirase aos outros 11 puntos limpos postos en funcionamento no que vai de lexislatura, nos concellos da Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande na provincia de Ourense; en Guntín, na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide e Sobrado e no concello de Covelo, situado en Pontevedra.

O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos así como o mantemento dos xa existentes será de máis de 21,2 millóns de euros. Actualmente, existen 120 puntos limpos e están pendentes de licitación cinco novos puntos nos concellos de Brión, na Coruña; Vilamarín, O Carballiño, Castro Caldelas e O

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Pereiro de Aguiar, situados en Ourense. A Consellería de Medio Ambiente investirá máis de 1,6 millóns de euros nestas actuacións.

O departamento que dirixe Agustín Hernández ten prevista a posta a punto de preto de 300 novos puntos limpos no período 2010-2020, dentro do novo Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos.

PREVISIÓN DE PUNTOS LIMPOS	
Puntos limpos fixos	228
Minipuntos	40
Puntos limpos móviles	28
<b>TOTAL</b>	<b>296</b>

O propósito básico dos puntos limpos é o de minimizar as verteduras nos depósitos controlados, especialmente os que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización

**Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

O novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos deseñado polo actual Goberno desenvolverase ata o ano 2020 tendo en conta 10 liñas estratéxicas de actuación, que implicarán a mobilización de 502 millóns de euros

En primeiro lugar, preténdese estabilizar a produción de lixo e lograr que en 2020 a poboación galega produza un 10% menos respecto dos 1,2 millóns de toneladas que se xeran na actualidade.

En segundo lugar, preténdese diminuír progresivamente os residuos que van a parar a vertedoiros. Isto supón que mentres na actualidade se leva aos vertedoiros controlados o 53% dos RSU xerados, o obxectivo é reducir a porcentaxe ata o 24%, depositando só aqueles residuos que non poden ser valorizados.

O terceiro grande eixo será o incremento da reutilización e a reciclaxe dos residuos ata un 30% do total dos residuos sólidos xerados, fronte ao 10% actual.

A chamada estratexia das tres R's (redución, reutilización, reciclaxe) complementarase coa valorización enerxética a través da actual planta de SOGAMA en Cerceda e o novo Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur, así como a construción de oito plantas de compostaxe.

A Xunta aposta polos sistemas complementarios de xestión de residuos urbanos, que son os que triunfan na Comunidade Europea. Neste sentido, os países que máis

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

valorizan enerxeticamente son os que máis reciclan e os que menos cantidade de residuos eliminan en vertedoiro, e este é o camiño que está a seguir Galicia.

## **MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 321.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN PARQUE COMARCAL DE RESIDUOS PARA A BAIXA LIMIA, QUE SE INSTALARÁ NO CONCELLO DE MUÍÑOS**

- *O obxectivo será a recuperación dunha parcela de 5.000 metros cadrados, dos cales xa están ocupados unha gran parte pola microplanta de transferencia de residuos sólidos urbanos*
- *A nova nave funcionará como almacenamento de contedores así como outras dotacións necesarias para a xestión de residuos*
- *O Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, que ten como prioridade a reciclaxe dos residuos, prevé este tipo de actuacións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio coa Deputación de Ourense para a construción dun parque comarcal de residuos na Baixa Limia, concretamente no concello ourensán de Muíños. A achega da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, será de 321.473 euros.

Con esta iniciativa dotarase esta comarca dun almacén para albergar contedores que tamén disporá dunha zona de lavado, de almacenaxe e un almacén de ferramentas, así como instalacións sanitarias para os traballadores.

Estas dotacións habilitaranse nun terreo de 1.300 metros cadrados, que forma parte dunha parcela de máis de 5.000 metros cadrados, na cal xa está instalada unha microplanta de transferencia de residuos sólidos urbanos e un punto limpo, todos eles xestionados pola Deputación de Ourense.

### **Obras que se realizarán**

O espazo que se pretende rexenerar sitúase no lugar das Conchas, na parroquia de Barxés, pertencente ao concello de Muíños. As obras terán por obxectivo adecuar o recinto para habilitalo adecuadamente para o seu uso. O deseño realizouse tendo en conta o impacto visual que podería ter unha instalación destas dimensións no contorno rústico en que se atopa. A superficie útil da nave será de 329,2 metros cadrados.

Primeiro, procederase a levar a cabo un movemento de terras, para despois urbanizar a zona. Será preciso uniformar o terreo e poñelo ao mesmo rasante, para causar o menor impacto visual á paisaxe. Logo, será preciso pavimentar a esplanada. Toda a parcela, finalmente, será acoutada por un muro de formigón. As zonas verdes serán precisas para suavizar a dureza visual da instalación.

Seguidamente, levaranse a cabo as edificacións da propia construción. Para iso utilizaranse formigón e piares como vigas de apoio. No tocante ás estruturas prevese un panel a base de chapas de aluminio e poliuretano que permitirá o illamento térmico do conxunto. O pavimento do interior da nave será de plaquetas de gres de porcelana.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Toda a instalación contará con abastecemento de auga e de electricidade. Así mesmo, instalarase unha rede de saneamento que permitirá separar a rede de augas pluviais e fecais, que serán evacuadas mediante a instalación dunha rede de tubarías cara a unha fosa séptica. Outra das dotacións con que contará o parque comarcal será o sistema contra incendios.

A Consellería de Medio Ambiente comprométese a financiar a totalidade da actuación. Pola súa parte, a Deputación de Ourense ten a obriga de poñer á disposición da consellería os terreos libres de cargas ou gravames, así como ao mantemento e a conservación das obras unha vez rematadas. O prazo de execución será de seis meses.

**Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

O novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos deseñado polo actual Goberno desenvolverase ata o ano 2020 tendo en conta 10 liñas estratéxicas de actuación, que implicarán a mobilización de 502 millóns de euros

En primeiro lugar, preténdese estabilizar a produción de lixo e lograr que en 2020 a poboación galega produza un 10% menos respecto dos 1,2 millóns de toneladas que se xeran na actualidade.

En segundo lugar, preténdese diminuír progresivamente os residuos que van parar a vertedoiros. Isto supón que mentres na actualidade se leva aos vertedoiros controlados o 53% dos RSU xerados, o obxectivo é reducir a porcentaxe ata o 24%, depositando só aqueles residuos que non poden ser valorizados.

O terceiro grande eixo será o incremento da reutilización e a reciclaxe dos residuos ata un 30% do total dos residuos sólidos xerados, fronte ao 10% actual.

A chamada estratexia das tres R's (redución, reutilización, reciclaxe) complementarase coa valorización enerxética a través da actual planta de SOGAMA en Cerceda e o novo Complexo de Tratamento de Residuos Urbanos do Sur, así como a construción de oito plantas de compostaxe.

A Xunta aposta polos sistemas complementarios de xestión de residuos urbanos que son os que triunfan na Comunidade Europea. Neste sentido, os países que máis valorizan enerxeticamente son os que máis reciclan e os que menos cantidade de residuos eliminan en vertedoiro, e este é o camiño que está a seguir Galicia.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA CONSTRUIR A DEPURADORA DE VIGO, NA CAL AUGAS DE GALICIA INVESTIRÁ 121 MILLÓNS DE EUROS

- *A Xunta de Galicia aprobou a dotación orzamentaria para esta obra o 26 de novembro de 2009*
- *O importe total da actuación ascende a 230 millóns de euros*
- *A achega económica de Medio Ambiente supón un 45,3% do financiamento total das citadas actuacións hidráulicas, ao que hai que engadir os xuros derivados polo pagamento aprazado*
- *Acuanorte licita, adxudica e dirixe as obras, a Xunta cofinancia e asume as baixas e alzas, e o Concello de Vigo será o titular das instalacións e asumirá a súa explotación unha vez rematadas as obras.*
- *Logo de serlle entregadas as instalacións, o Concello ou a entidade por el designada para a explotación deberá aboar o IVE no prazo de trinta días desde a recepción da obra*
- *Unha vez que o Concello de Vigo dispoña da retención de crédito precisa para os terreos, a Xunta de Galicia aprobará no Consello da Xunta o decreto de urxente ocupación*
- *A depuradora contará cunha liña de auga, outra de lodos con secado térmico e recuperación de enerxía e un control de tratamento de olores*
- *O acordo tamén abrangue a construción dun novo emisario submarino e unha acometida eléctrica á EDAR*
- *O proxecto ten por fin resolver as deficiencias existentes no sistema de depuración da cidade de Vigo, beneficiando a máis de 800.000 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Concello de Vigo e Aguas de la Cuenca del Norte S.A para a execución das obras de saneamento de Vigo.

A actuación hidráulica precisa dun orzamento total de 229,9 millóns de euros, dos que a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, achega un importe de 104 millóns de euros, que supoñen un 45% do financiamento.

Cómpre recordar que o 26 de novembro de 2009 a Xunta de Galicia autorizou a superación de limite orzamentario e a reserva de crédito necesaria para a execución da depuradora. Despois do acordo acadado o pasado día 30 de xuño, entre Xunta, Ministerio e Concello de Vigo axustáronse as disponibilidades orzamentarias tendo en conta o tempo transcorrido.

O réxime de colaboración será o seguinte: Acuanorte licita, adxudica e dirixe as obras, a Xunta de Galicia cofinancia e asume as baixas e alzas das incidencias que se poidan producir ao longo da execución das obras e o Concello de Vigo será o titular das instalacións e asumirá a súa explotación unha vez rematadas as obras.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Respecto ao IVE, as instalacións serán entregadas por Acuanorte ao Concello de Vigo e, tal e como indica o convenio, o Concello ou a entidade por el designada para a explotación da actuación deberá aboar no prazo de trinta días desde a recepción da obra, os tributos que se devenguen pola entrega da infraestrutura hidráulica.

Unha vez asinado o convenio procederáse á licitación das actuacións (por parte de Acuanorte), prevista para setembro de 2010.

Paralelamente ao anterior, na Xunta de Galicia continuarase co oportuno expediente expropiatorio, imprescindible para obter os terreos necesarios para a execución desta infraestrutura hidráulica. Así, unha vez o Concello de Vigo dispoña da retención de crédito precisa para os terreos, a Xunta de Galicia aprobará no Consello da Xunta o decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto para a ampliación e modernización da estación depuradora de augas residuais (EDAR) do Lagares.

**Obxectivos**

O proxecto ten por finalidade resolver as deficiencias existentes no sistema de depuración da cidade de Vigo. A solución proposta para o cumprimento dos obxectivos de calidade na ría de Vigo, consta da instalación dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR), de acordo co anteproxecto da ampliación e modernización da EDAR de Lagares, aprobado pola Xunta o 30 de marzo de 2009.

As obras tamén se centrarán na construción dun novo emisario submarino para un caudal de 8 m<sup>3</sup>/s, cuxo anteproxecto se redactará dentro dun prazo que permita a finalización dos traballos, incluso antes de que rematen as da EDAR. Ademais, levarase a cabo unha nova acometida eléctrica á EDAR, que constitúe por si soa outra obra independente.

**EDAR**

O elemento central das actuacións que se recollen no presente convenio é unha EDAR para máis de 800.000 habitantes. Esta infraestrutura contará cunha liña de auga, outra de lodos con secado térmico e recuperación de enerxía e un control de tratamento de olores.

Na liña de auga deseñada, todo o caudal que chegue á EDAR someterase a desbaste, pretratamento e tratamento primario. O caudal que se envíe ao tratamento biolóxico regularase mediante un bombeo intermedio, que contará con eliminación de nitróxeno e fósforo por vía química. A liña de lodos incluirá unha dixestión anaerobia con aproveitamento da enerxía do biogás, e un secado térmico de baixa temperatura. Por último, un sistema de desinfección eliminará a contaminación bacteriolóxica do efluente.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A planta abrangue a xestión e o tratamento de caudal de auga durante a época de chuvias, así como do incremento de produción dos lodos orixinados nesta situación, mediante uns tanques de regulación.

**Competencias**

Ademais do cofinanciamento e a xestión das expropiacións, a Xunta de Galicia comprométese a supervisar e aprobar os anteprojectos ou proxectos construtivos e os seus reformados ou modificados.

Por outra parte, o Concello de Vigo obrígase a xestionar as súas competencias en sumidoiros e tratamento de augas residuais e compatibilizalas coa nova depuradora. O ente local ten que explotar as obras en materia de depuración, por si mesmo ou a través de calquera fórmula asociativa con outras entidades municipais.

Finalmente, a Acuanorte correspóndelle a redacción dos anteprojectos ou proxectos construtivos así como a súa modificación. Esta entidade farase cargo da dirección das obras conforme os anteprojectos ou proxectos construtivos aprobados e nos termos establecidos nos pregos de condicións.

Cómpre sinalar que se constituirá unha comisión de seguimento con representantes do Concello de Vigo, da Xunta e de Acuanorte. Esta comisión reunirse con periodicidade mínima trimestral, levantándose a acta correspondente cos acordos adoptados. Neste senso, cabe citar que o presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e manterase ata a entrega da instalación.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA O PROGRAMA RE-BROTE E MANTÉN O APOIO AO FINANCIAMENTO DE CIRCULANTE PARA AS EMPRESAS GALEGAS

- *A ampliación do prazo, que será publicada en datas próximas no DOG, habilitará a presentación de solicitudes ata o próximo 31 de decembro*
- *O programa facilitará operacións de circulante por un importe mínimo de 300.000 euros avaladas polo Igape nunha porcentaxe comprendida entre o 40 e o 60%*

O prazo de presentación de solicitudes ao amparo do programa de garantías re-Brote, destinado a facilitar o financiamento de circulante para as empresas galegas, estará aberto ata o 31 de decembro de 2010, como consecuencia da autorización de prórroga de prazo de vixencia aprobada hoxe polo Consello da Xunta, que será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia. Este programa facilitará operacións de circulante por un importe mínimo de 300.000 euros avaladas polo Igape nunha porcentaxe comprendida entre o 40 e o 60%.

Na formulación inicial, o prazo de presentación de solicitudes para o programa re-Brote remataba o 30 de decembro de 2009, pero a Consellería de Economía e Industria xa decidira prorrogalo ata o pasado 30 de xuño para intensificar os apoios ao financiamento de circulante para autónomos, emprendedores, microempresas e empresas, especialmente afectados polas restricións crediticias. O programa re-Brote prorrogase agora ata o próximo 31 de decembro, para manter en vigor os seus obxectivos; este programa de garantías será complementado polo re-Solve+, xa aprobado pola Consellería e Industria a través do Igape para substituír -ampliando e mellorando- o re-Solve; o re-Solve+ tamén será publicado no DOG en datas próximas.

O programa re-Brote está destinado a facilitar o acceso a liñas de financiamento operativo adicional de empresas medianas e grandes. Pola súa parte, a liña denominada re-Solve+ está orientada a facilitar o acceso ao circulante para as microempresas, as pemes e os autónomos.

Xunto coas principais entidades financeiras que operan en Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, veu realizando durante os últimos meses un importante esforzo para subvencionar custos financeiros e compartir riscos mediante os programas re-Brote e re-Solve; dada a situación económica actual, a Consellería de Economía e Industria estima que resulta imprescindible que a Administración manteña esta liña de traballo e comparta riscos co tecido empresarial, coas entidades financeiras e as SGR en determinadas operacións, mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo.

O programa re-Brote vai destinado a empresas con domicilio social e fiscal en Galicia, que non se atopen en situación de crise, que desenvolvan unha actividade subvencionable e que presenten un proxecto obxecto da financiamento avalado que sexa considerado viable e dentro dos límites de risco asumibles polo Igape. Neste

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

marco, o Instituto poderá garantir operacións de financiamento novas. O importe individual das operacións de crédito acollidas ao convenio cuxa vixencia se prorroga agora será como mínimo de 300.000 €, cun máximo de risco por empresa beneficiaria entre todas as entidades financeiras colaboradoras de 3.500.000 €. O aval do Igape garantizará entre o 40 e o 60% das operacións, dependendo das súas características das mesmas.

O programa re-Solve+, pola súa banda, incorporará tres liñas diferenciadas, ao sumar á de circulante habilitada no marco do re-Solve –agora superado– as novas liñas para apoiar o financiamento de operacións de refinanciamento de pasivos ou de ampliacións de capital destinadas a fortalecer a estrutura financeira das pemes, para garantir así a súa competitividade futura. Ademais, o re-Solve+ ampliará ao 100% a cobertura das garantías achegadas polas SGR, sempre cun reaval do Igape polo 25% do risco asumido por estas entidades colaboradoras; no marco do re-Solve, as garantías achegadas cubrían o 90% do risco. Do mesmo xeito, o re-Solve+ incorporará un incremento das contías máximas das operacións apoiadas, que poderán ir de 3.000 ata 500.000 euros (entre 3.000 e 40.000 euros no marco do re-Solve). Outra das melloras incorporadas no re-Solve+ é a referida aos destinatarios; os beneficiarios agora poderán ser os autónomos pero tamén as pemes en xeral, mentres que no re-Solve eran só microempresas e autónomos.

Coa prórroga do re-Brote o coa próxima posta en marcha do re-Solve+, a Xunta de Galicia dá un paso adiante nos compromisos asumidos a través do Plan re-Forza 2010 do Igape para facer fronte ás restricións de crédito e facer posible que as pemes poidan acceder ao financiamento que precisan para o seu financiamento operativo e para consolidar as súas estruturas financeiras e mellorar os seus niveis de competitividade.

## EDUCACIÓN E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA POTENCIAN A INCORPORACIÓN DO GALEGO AO ÁMBITO SOCIOECONÓMICO

- *A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ambas as entidades asinarán nos próximos días un convenio de colaboración, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta*

A incorporación do uso do galego ao ámbito socioeconómico recibe un novo pulo a través do convenio que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) asinarán nos próximos días, e que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta.

A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Educación e a CEG establecerán un marco de colaboración para impulsar diversas iniciativas que teñen como fin prioritario potenciar a presenza da lingua galega no ámbito socioeconómico. Para acadar este obxectivo, ao abeiro deste convenio desenvolveranse diversas actuacións dirixidas, por unha banda, a achegar a información e o asesoramento necesario sobre o uso e integración da lingua galega no sector empresarial.

Para conseguilo, manterase un servizo lingüístico na CEG –que xa funciona neste momento–, así como en cada confederación provincial, co fin de planificar, coordinar e xestionar o proxecto de dinamización lingüística empresarial. Este servizo facilitaralles ás empresas un tratamento personalizado, eficaz e dinámico segundo as necesidades propias e a través de soporte telefónico e web. Ademais, a través dun portal web, ofrecerá información sobre os recursos e as actividades dirixidas a mellorar e achegar o uso da lingua galega aos membros da CEG. Un portal en que tamén se ofrecerán servizos como unha biblioteca virtual e unha sección de recursos normativos vinculados á lingua e aos dereitos lingüísticos.

Por outra banda, o servizo lingüístico realizará accións de asesoramento, como corrección e tradución de textos relativos á imaxe corporativa ou resolución de dúbidas lingüísticas e formativas, tanto presenciais como en aulas virtuais, para que os empresarios poidan mellorar a súa competencia comunicativa en lingua galega.

### **O galego, un activo para as empresas**

No marco deste convenio, poténciase a lingua galega como un valor positivo de mercado, así como un distintivo tanto das empresas galegas como das foráneas que distribúen os seus produtos e servizos na comunidade galega. Con este fin, o convenio prevé o desenvolvemento dunha campaña dixital de difusión deste espírito, que recolle os obxectivos do convenio.

Ademais, no marco deste convenio de colaboración facilitaráselles ás empresas a tarefa de integrar a lingua galega naquelas áreas principais da súa actividade, informándoas sobre a existencia e o uso de ferramentas en liña e materiais editados (correctores,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

tradutores, manuais, vocabularios, dicionarios etc.) e achegándolles técnicas e ferramentas específicas para explotar as súas habilidades de atención ao público e de presentación de produtos e servizos en galego.

**Atención a máis de 700 empresas en 2009**

A través do seu servizo lingüístico da CEG, no pasado ano 2009 atendéronse preto de 700 empresas que realizaron consultas lingüísticas, solicitaron traducións e correccións ou baixaron os modelos de documentos de xestión empresarial que se ofrecen a través da web: [www.normalizacion.ceg.es](http://www.normalizacion.ceg.es).

O número de usuarios destes servizos é crecente, o que revela un maior uso do galego e unha progresiva sensibilización acerca do valor da lingua de Galicia e do plurilingüismo, que representan modernidade, innovación, proximidade e, sobre todo, vantaxe competitiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINA 317.200 EUROS PARA 31 BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA**

- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, poñerá en marcha 31 bolsas de carácter plurianual, cunha axuda de 10.200 euros por bolsa e cunha duración total de 12 meses (outubro de 2010 a setembro de 2011)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza o gasto plurianual de 317.200 euros para a convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía. Estas axudas que concede a Consellería de Cultura e Turismo pertencen ao plan de preparación de profesionais para a Rede de Bibliotecas de Galicia, a través de bolsas de formación mediante a colaboración titorada en diversos centros dependentes desta para a organización de fondos e actividades de biblioteconomía.

Os bolseiros realizarán as súas prácticas nos centros aos que sexan destinados e serán coordinados e dirixidos pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura a través do persoal técnico debidamente cualificado, designado para tal efecto por aquela. A relación de centros en que deberán realizar as prácticas publicarase conxuntamente coa resolución de adxudicación das axudas.

Convocaranse 31 prazas, de carácter plurianual, cunha duración total de 12 meses (outubro de 2010 a setembro de 2011) e adxudicaranse mediante a aplicación do baremo indicado na convocatoria. O importe total de cada bolsa é de 10.200 euros, que serán aboados en pagos de 850 euros por bolsa ao mes. Asemade, contratarase unha póliza de seguro de accidentes durante o período de formación para todos os bolseiros.

A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura potencia a formación inicial do persoal bibliotecario coa realización de prácticas en bibliotecas que permitan non só a formación nas diversas áreas destes centros, senón tamén contacto diario e directo cos beneficiarios, adquirindo a experiencia e promoción profesional axeitada. Estes bolseiros axudarán aos usuarios de bibliotecas e centros de documentación cos problemas e demandas, e guiaranos e orientaranos na busca do material solicitado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**BENESTAR FINANCIARIA UN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO QUE SE BENEFICIARÁN MÁIS DE 5.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- *O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami)*
- *A Consellería investirá un total de 350.000 euros en diversas actuacións entre as que destaca a posta en marcha dun plan de información, asesoramento e de intervención social e dun programa de respiro familiar*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá en 2010 un total de 350.000 euros no desenvolvemento dun programa de actividades do que se prevé que se beneficien máis de 5.000 persoas con discapacidade. O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

En concreto, financiarase por unha banda, o mantemento da Federación, por outro lado, porase en marcha un programa de respiro familiar e, por último, levarase a cabo un programa de información e asesoramento xunto cunha intervención social nas principais cidades de Galicia a través das oficinas que Cogami ten en Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Con respecto ao plan de asesoramento, contribúese é a prestar servizos de apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias desde unha perspectiva global, integral e normalizadora, co obxectivo de mellorar a súa autonomía persoal, as súas condicións de vida e favorecer ao mesmo tempo a integración social e laboral deste colectivo. As previsións da Xunta é que deste plan específico poidan beneficiarse preto de 5.000 persoas.

Por outra banda, o programa de respiro familiar, ao que poderán acceder ao redor de 30 persoas, desenvolverase en dúas quendas de 8 días de duración durante os meses de verán para que os cuidadores destas persoas poidan descansar.

Todas as actividades que se realicen a través deste convenio de colaboración son complementarias os servizos e recursos de carácter público financiados pola Administración e orientados á atención diúrna e residencial das persoas con discapacidade.

## A XUNTA CONCIERTA 34 NOVAS PRAZAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN OURENSE E VIGO

- *O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a tramitación dos expedientes administrativos para a licitación dos contratos para a xestión do servizo público de reserva e ocupación de prazas*
- *A Administración autonómica ofertará por primeira vez en Galicia 20 prazas de atención para persoas con discapacidade intelectual e trastornos mentais asociados en Monterrei- O Pereiro de Aguiar, co obxecto de cubrir unha necesidade para a que non existían recursos públicos na Comunidade autónoma*
- *Un total de 14 prazas reservaranse para persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns en Vigo*
- *O Goberno galego destinará ao concerto das 34 novas prazas máis de 252.000 euros este ano*
- *A Xunta puxo en marcha desde a entrada do actual Goberno un total de 370 prazas residenciais para persoas con discapacidade que, sumadas ás 34 novas que se concertarán en breve, supoñen case 400 novas prazas públicas*

A Consellería de Traballo e Benestar concertará un total de 34 novas prazas residenciais par persoas con discapacidade en Monterrei- O Pereiro de Aguiar (Ourense) e en Vigo. O Consello da Xunta vén hoxe de autorizar a tramitación dos expedientes administrativos para a licitación dos dous contratos para a xestión do servizo público de reserva e ocupación de prazas. A esta actuación, o Goberno galego destinará máis de 252.000 euros este ano.

A Administración autonómica ofertará por primeira vez prazas públicas destinadas ás persoas con discapacidade intelectual e trastornos mentais asociados. En concreto, reservará 20 prazas para este fin en Monterrei- O Pereiro de Aguiar, co obxecto de cubrir unha necesidade para a que non existían recursos públicos en Galicia. Para iso, a Xunta investirá ao longo deste ano preto de 198.000 euros.

As 14 prazas restantes concertaranse para persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns en Vigo. En concreto, seis prazas serán para réxime de internado, unha de emerxencia social e sete de respiro familiar durante as fins de semana. Trátase dun novo recurso en réxime de internado e respiro familiar necesario polo seu carácter inexistente na provincia de Pontevedra. A esta iniciativa, Traballo e Benestar reserva unha partida de preto de 55.000 euros.

A duración inicial dos dous contratos, para o concerto das prazas de Vigo e Ourense, será desde o 1 de agosto ata o 31 de decembro de 2010, sendo prorrogables en ambos os casos.

Esta actuación da resposta á aplicación da Lei de dependencia, xa que se está a dar cobertura a recursos públicos inexistentes ata o momento. Así, a creación de prazas



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

residenciais para persoas en situación de dependencia contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades deste colectivo e das súas familias.

A iniciativa, ademais, complementa o catálogo de servizos de atención á dependencia e fomenta, así mesmo, a creación de emprego no eido dos servizos sociais.

De feito, a Xunta está a levar a cabo un incremento progresivo deste tipo de recursos na medida en que responde a unha necesidade real demandada polos usuarios. Así, desde a entrada do actual Goberno e ata o de agora, a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha un total de 370 prazas residenciais para persoas con discapacidade que, sumadas ás 34 novas que se concertarán en breve, supoñen case 400 novas prazas públicas, un incremento do 9,5%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS SUBMINISTRARÁN O PEIXE FRESCO PARA UNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA XUNTA QUE BENEFICIARÁ A PRETO DE 19.000 ESCOLARES**

- *A Consellería do Mar pretende potenciar o consumo de peixe e marisco na poboación infantil coa campaña “O sabor da aventura está no mar”, que se desenvolverá en centros docentes públicos de Galicia*
- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a consellería e nove organizacións de produtores pesqueiros e acuícolas para a achega, refrixeración e preparación dos produtos pesqueiros*

Nove organizacións de produtores pesqueiros e acuícolas serán as encargadas de subministrar o peixe fresco da campaña “O sabor da aventura está no mar”. Trátase dunha campaña promovida pola Xunta para incrementar o consumo de peixe galego fresco nos comedores escolares públicos da que se beneficiarán preto de 19.000 nenos. Debido as súas calidades intrínsecas, Mar considera que o peixe fresco desembarcado nos portos galegos constitúe a mellor proposta para fornecer de peixe o programa. Por iso, de cara a desenvolver esta campaña, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e nove organizacións de produtores pesqueiros e acuícolas, para que proporcionen o peixe fresco nos centros educativos.

Así, a Asociación de Produtores de Rodaballo OPP-59, a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo OPP-4, a OPP-13 Organización de Produtores de Pesca do porto da Coruña, a OPP-31 Organización de Produtores Pescagalicia, a OPP-18 OPMEGA –Organización de produtores de Mexillón de Galicia, a OPP-7 Organización de Produtores da Provincia de Lugo, a OPP-8 OPROMAR-Organización de Produtores de pesca fresca do Porto e Ría de Marín, OPP-46 Organización de Produtores de pesca de Palangre ORPAL e a OPP-65 Produtores de AD SG ATRUGAL serán as encargadas de proporcionar os produtos pesqueiros para a realización de degustación entre o alumnado dos centros docentes (xarda, lirio, xurelo, pescada, mexillón, rodaballo e troita). Ademais, encargaranse do almacenamento e refrixerado deses produtos pesqueiros e da súa preparación e envasado, en condicións hixiénico- sanitarias axeitadas para o seu transporte.

O departamento que dirixe Rosa Quintana persegue con esta iniciativa un dobre obxectivo; incidir e equilibrar as dietas alimenticias, fundamentalmente nas idades infantil e xuvenil e valorar e fomentar os produtos da pesca de Galicia. O importe destinado a este convenio é de 112.100 euros, repartidos en dúas anualidades; 35.400 euros para o ano 2010, e 76.700 no 2011.

Segundo establece o convenio, o produto entregado polas organizacións de produtores para a campaña debe ser fresco, de boa calidade e en excelentes condicións. Ademais, deberá ser entregado en envases que garantan as condicións hixiénico - sanitarias do

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

produto que, desde logo, deberá ir etiquetado correctamente. No caso do mexillón, deberá entregarse, despois da súa depuración, en bolsas precintadas ou etiquetadas.

**“O sabor da aventura está no mar”**

A Consellería do Mar pretende con esta campaña educar e achegar o mundo do peixe aos nenos e transmitir-lles a importancia da presenza do peixe e do marisco na dieta incidindo nas súas achegas nutritivas. Tamén busca proporcionar aos estudantes coñecementos sobre as distintas especies de peixe e as súas características nutricionais, a través das actividades lúdico-formativas que recolle esta campaña.

Esta iniciativa está destinada ao público infantil de entre 6 e 12 anos, facendo especial fincapé nos centros públicos do interior, nos que os alumnos xeralmente teñen menor coñecemento dos produtos do mar. En total, a Consellería do Mar repartirá 152.000 racións de peixe no curso escolar 2010-2011 en 158 colexios públicos de toda Galicia, o que supón once veces máis que na campaña do bipartito.

Para o desenvolvemento completo da campaña a Consellería do Mar contará coa colaboración das consellerías de Sanidade e Educación. A primeira coordinará os servizos necesarios e subministrará os materiais precisos para o desenvolvemento dos traballos e das actividades derivadas do acordo. A Consellería de Educación seleccionará os centros públicos que participen no programa e Sanidade encargase do asesoramento técnico na elaboración dos menús na procura dunha dieta saudable do alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MARISCADORES DE FERROL, BARALLOBRE E MUGARDOS BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DE DOUS CONVENIOS PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS**

- *Os acordos asinados coas Confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos teñen por obxecto mellorar as condicións dos zonas de marisqueo mediante accións de limpeza e rexeneración*
- *A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto no caso de que se produza mellora na clasificación da zona, como ocorreu no caso do Burgo*

Os mariscadores de Ferrol, Barallobre e Mugardos beneficiaranse da prórroga de dous convenios para a recuperación produtiva dos bancos marisqueiros. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a prórroga de ambos os convenios co obxectivo de continuar traballando pola recuperación produtiva dos bancos marisqueiros das zonas de produción catalogadas como C.

No caso das confrarías de Ferrol e Barallobre, o convenio é para os mariscadores desde embarcación e prorrógase cun reforzo das accións que se están a facer na zona e ampliando a área de actuación. Isto débese a que os controis realizados polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño mostran que a zona C dos bancos marisqueiros de Ferrol e Barallobre se incrementa. Estas variacións levaron a realizar unha nova clasificación as zonas que se publicará nunha nova orde que se está tramitando e se prevé que se publique proximamente. O importe destinado a esta prórroga é de 2.918.249,50 euros.

Por outra banda, a prórroga do convenio coa confraría de Mugardos é para a recuperación dos bancos traballados polos mariscadores de a pé e realízase porque as análises do Intecmar non prevén unha mellora da calidade das augas. O importe destinado á prórroga do convenio é 161. 569,85 euros.

As zonas clasificadas como C, como as destas confrarías, impiden a comercialización en fresco do produto, polo que se dificulta enormemente na práctica a realización da actividade normal de marisqueo. De aí que mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C se prorroguen estes convenios que inclúen accións como limpeza de mexillón e retirada de algas e transporte dos produtos resultantes da limpeza e de traslado de moluscos bivalvos dende as zonas de fixación cunha cota demasiado elevada cara aos bancos con maior taxa de crecemento. Deste xeito mellóranse as capacidades profesionais dos mariscadores involucrados nos labores de mantemento dos bancos e na mellora da xestión do marisqueo.

A vixencia de ambos os convenios é ata o 31 de decembro de 2010 e quedarán sen efecto se antes desta data se produce unha mellora na clasificación das augas, como ocorreu no caso do Burgo, ou se a Comisión Europea permite a venda de moluscos en

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

augas de zonas de produción C, tras ser sometidos a tratamento de depuración intensiva. Os dous convenios serán cofinanciados polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, correspondendo o 39% restante á Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DO MAR CONSTRUIRÁ EN COLABORACIÓN COA AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA 48 NOVAS PRAZAS DE ATRACADA PARA A FROTA ARTESANAL NA DÁRSENA DE OZA**

- *O obxecto da obra é mellorar os servizos correspondentes á frota artesanal coa construción de espazos de atracada adaptados á tipoloxía das súas embarcacións, ofrecendo así mellores condicións de traballo*
- *Con esta acción, a consellería e a Autoridade Portuaria responden a unha petición da Confraría de Pescadores da Coruña*

A construción de novos pantaláns flotantes na dársena de Oza beneficiará a frota artesanal do porto da Coruña. Esta acción será posible grazas á sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Autoridade Portuaria e que hoxe autorizou o Consello da Xunta. O obxecto da obra é mellorar os servizos correspondentes á frota artesanal coa construción de espazos de atracada adaptados á tipoloxía das súas embarcacións, ofrecendo así mellores condicións de traballo e optimizando os beneficios resultantes da súa actividade. Deste xeito respóndese a unha demanda da Confraría de Pescadores da Coruña.

Para iso a Consellería do Mar desmontará os pantaláns existentes, os sistemas de suxeición e a retirada das cadeas de fondeo no pantalán intermedio e construírá 48 novas prazas de atracada. Delas 12 teñen dimensións de 5x2 metros, 18 de 6x2,70 metros e outras 18 de 7x2,70 metros. Para suxeitalos ao peirao instalará elementos como vigas Grey e para amarralos ao fondo mariño instalará pilotes. Tamén utilizará outros elementos como *fingers* e cornamusas. A obra da consellería inclúe ademais o acondicionamento dos accesos aos pantaláns con estruturas de peche e portas. A esta acción, o departamento que dirixe Rosa Quintana destina un total de 339.645, 79 euros, cofinanciados a través dos fondos FEP.

Pola súa banda, a Autoridade Portuaria acometerá e sufragará outra obra de renovación e colocación doutra parte dos pantaláns existentes na dársena de Oza por un importe de 219.487 euros.


Para a execución destas obras e ante o seu interese por acometer esta mellora, a Consellería do Mar elaborou un proxecto previo para a construción dos pantaláns flotantes. Este proxecto determina que a obra ten un prazo de execución de 4 meses.

**Resposta a unha demanda do sector**

No 2009 a pesca fresca poxada na lonxa do porto coruñés superou as 37.000 toneladas, con especies que acadaron na primeira venda un valor de 74´5 millóns de euros. No marco destes valores a frota de baixura representa un 20%. Isto, tendo en conta que nos últimos anos se detectou un aumento do volume de descargas, fai que sexa necesario dispor de puntos de atracada axeitados para as pequenas embarcacións da frota artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Esta é unha das peticións da Confraría de Pescadores da Coruña á que a Consellería do Mar e a Autoridade Portuaria responden coa sinatura deste acordo para a realización das obras.



\*Plano da obra

## **A INSTALACIÓN DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL DA XUNTA NA CIDADE DA CULTURA PERMITRÁ AFORRAR 3 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS EN FACTURAS ELÉCTRICAS, INFRAESTRUTURAS TIC E ALUGUERES**

- *A Cidade da Cultura dará cabida tamén á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica*
- *A Administración galega dispón actualmente de máis de 80 CPDs, dos que arredor do 90% non ten capacidade para abordar a crecente demanda de proxectos tecnolóxicos necesarios para mellorar a eficiencia*
- *O novo centro asenta as bases para a modernización da Administración pública, homoxeneizando a estratexia tecnolóxica e avanzando cara a unha atención ao cidadán 24 horas ao día os 365 días do ano*

En liña cos obxectivos de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, a Administración galega, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, creará un Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) que integrará as funcións dos máis de 80 CPDs existentes agora na Comunidade. Así se recolle nun informe presentado hoxe no Consello da Xunta, que indica que o 90% destes centros carece de capacidade de crecemento para afrontar a demanda de proxectos TIC precisos para mellorar a eficiencia da Administración galega.

O novo Centro de Proceso de Datos Integral constituirá o corazón dixital de Galicia e contribuirá a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor eficiencia enerxética, unha maior flexibilidade, interoperabilidade e seguridade, así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta. Ademais, a consolidación dun CPDI único de infraestrutura TIC fará posible unha Administración que funcione 24 horas ao día os 365 días do ano.

### **Aforro**

Unha vez integrados todos os servizos no novo CPDI, en torno ao segundo semestre do 2011, acadarase un aforro dun 50% do custo enerxético por metro cadrado coa nova plataforma tecnolóxica e dun 27% do gasto anual da factura dos CPD actuais.

Tamén se producirá un aforro no custo de infraestruturas tecnolóxicas grazas á redución dun 30% das necesidades de investimento en hardware e dun 30% no seu mantemento. Por outra banda, a reorganización dos espazos liberados nos edificios administrativos da Xunta posibilitará aforros. En total, a Xunta reducirá en tres millóns de euros cada ano o gasto nos conceptos citados.

### **Servizo a cidadáns e entidades públicas**

O Centro de Proceso de Datos Integral dará servizo a preto de 2,8 millóns de cidadáns; máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e incluso a outras entidades públicas.

**Axenda Dixital de Galicia**

A posta en marcha do CPDI intégrase en dúas das liñas recollidas en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, que son a prestación de novos e mellores servizos públicos dixitais e a consecución dunha Administración eficiente. A Xunta de Galicia carecía dunha estratexia global en materia de xestión das tecnoloxías da información e a comunicación, que impediu unha aplicación efectiva das TIC para a modernización das administracións públicas.

As tecnoloxías da información e a comunicación son un poderoso instrumento para o desenvolvemento económico, o incremento da produtividade e a xeración de emprego na nosa sociedade. Estas tecnoloxías están a configurar un novo modelo social e cultural, a cultura do século XXI, son unha peza clave que axudará a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial. A Axenda Dixital de Galicia 2014.gal é a resposta ao reto do crecemento intelixente, baseado no coñecemento e na innovación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA LOGROU REDUCIR A 22 DÍAS O TEMPO MEDIO DE PAGAMENTO AOS SEUS PROVEDORES**

- *Facenda culminou con éxito a implantación do sistema electrónico de facturación posto en marcha en febreiro*
- *O Executivo autonómico adiantase dous anos á Directiva Europea de pagar como máximo en 45 días*
- *En xuño un 22,7% das facturas totais xa foron electrónicas e a porcentaxe sube cada mes*
- *A evolución do sistema vai na liña do obxectivo de acadar este ano un 20% das facturas teñan formato electrónico*

A Xunta de Galicia conseguiu reducir a 21,75 días o tempo medio de pagamento das facturas aos seus provedores apenas catro meses despois de pór en marcha o sistema electrónico de facturación.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeiro e Contable (CIXTEC), no que se salienta que o departamento autonómico finalizou con éxito a implantación deste sistema, que comezou a funcionar o pasado 26 de febreiro.

O Executivo autonómico logrou adiantarse dous anos á Directiva Europea de pagar como máximo en 45 días, xa que neste momento o tempo legal está fixado en 60 días. Do total de facturas que se están a tramitar un 14,1% son electrónicas, o que supón un 12,7% do importe total de facturación. Esta porcentaxe crece mes a mes, pois en xuño o 22,7% das facturas foron electrónicas, un 16,71% do importe global.

A Consellería de Facenda considera que con estes datos a evolución do sistema electrónico de facturación progresa en sintonía co obxectivo de que neste ano se acade que un 20% das facturas sexan electrónicas. Ademais, lembra que calquera provedor pode elixir entre presentar as súas facturas en soporte papel ou telemático.

**Cada vez máis empresas usan o sistema**

Na actualidade 772 empresas presentaron xa facturas a través do sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia. Mediante este sistema se tramitan un total de 272,4 millóns de euros, dos cales, 34,4 millóns se corresponden con facturas electrónicas.

Despois da análise dos datos extraídos do sistema electrónico que está xa a funcionar en todas as consellerías, pódese constatar que o 89,33 das facturas electrónicas rexistradas no sistema son de empresas galegas. As porcentaxes distribúense do seguinte xeito: A Coruña representa o 67,09%, Pontevedra o 13,81%, Lugo o 8,42% e Ourense o 10,68%. A consellería resalta que estes datos demostran que os empresarios galegos están respondendo moi ben ao reto da facturación electrónica.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Facenda está impulsando o uso do sistema electrónico difundindo as súas vantaxes. Así, tras levar a cabo unha campaña de información a través dos medios de comunicación e outra de formación en colaboración coas confederacións de empresarios e cámaras de comercio, está a incidir nos beneficios deste modelo aos provedores que emiten aínda as súas facturas en papel.

A implantación desta medida enmárcase na estratexia global da Xunta de Galicia de acadar unha administración máis áxil, eficiente e cercana ao cidadán, un dos eixes do Plan Estratéxico 2010-2014-Galicia 2020.

**Segunda fase do Sistema Electrónico de Facturación**

Por outra banda, en datas próximas incorporárase ao sistema electrónico novas funcionalidades como a emisión de facturas electrónicas por parte da Administración e a conexión con outros sistemas de información que permitirá a incorporación de organismos dependentes da Xunta de Galicia.

Igualmente, posibilitárase a recepción automática de facturas dende os sistemas de xestión dos propios provedores e de grandes plataformas de facturación mediante tecnoloxías B2B (*Businnes to Business*), de xeito que non se precise a interacción nos procesos de envío de facturas e na consulta do estado dos trámites das mesmas. Neste senso, estase a traballar xa para a conexión cos sistemas de facturación das caixas de aforro e os bancos, o que permitirá recibir automaticamente as facturas daqueles provedores que teñan contratada o servizo con estas entidades e facilitar ademais servizos de *confirming* e *factoring*.

## MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA AXUDAR AOS CONCELLOS NA XESTIÓN DE RESIDUOS, NA EXPLOTACIÓN DOS PUNTOS LIMPOS E NA RECOLLIDA SELECTIVA

- *O obxectivo destas axudas é facer fronte ao cambio climático mediante diversas actuacións como xestión de residuos e redución de emisións*
- *Os destinatarios serán as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como concellos, mancomunidades, deputacións provinciais e outras agrupacións de municipios legalmente constituídos*
- *O período subvencionable abarcará os gastos relativos ás actuacións subvencionables realizadas polas entidades beneficiarias entre o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de outubro de 2011*

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de diversos proxectos destinados á protección do ambiente. A Consellería de Medio Ambiente fará unha achega económica de 1.528.858 euros para axudar aos concellos na xestión de residuos, na explotación dos puntos limpos e na recollida selectiva.

Esta orde de axudas é a terceira e última tipoloxía de incentivos que integran o programa de subvencións con este mesmo obxectivo. As outras dúas ordes, que foron presentadas anteriormente, ían destinadas a entidades sen ánimo de lucro e pequenas e medianas empresas.

Con estas subvencións preténdese financiar aquelas actuacións, iniciativas e proxectos que poidan desenvolver as entidades locais en materia de xestión de residuos, mitigación e adaptación ao cambio climático, así como outras actuacións de carácter ambiental.

Outra das opcións á disposición dos concellos para avaliar e mellorar o seu comportamento ambiental, con carácter xeral, vén dada pola súa incorporación voluntaria ao sistema de xestión e auditoría ambientais (EMAS). Este instrumento creado pola Unión Europea e destinado nun principio a impulsar a mellora continuada dos aspectos ambientais das actividades cotiás doutro tipo de organizacións (empresas, fundamentalmente), permite no caso das administracións locais analizar a incidencia directa ou indirecta que a súa actuación comporta dende o punto de vista ambiental.

### **Puntos limpos**

Unha das liñas fundamentais desta orde son as subvencións dirixidas á mellora e instalación de puntos limpos. Neste senso, a Consellería de Medio Ambiente levou a cabo un seguimento e control dos puntos limpos, análise da cal se desprende que os factores máis importantes que repercuten negativamente no funcionamento destas instalacións son: a falta de medios económicos por parte dos concellos, xa que a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

maioría non teñen establecidos sistemas de cobramento dos residuos que se depositan; desaproveitamento dos sistemas de autofinanciamento que permiten os puntos limpos; falta de información dos operarios e xestores, así como o descoñecemento da lexislación aplicable por parte dos concellos e das empresas xestoras; e por último, falta de competencia entre as empresas xestoras de residuos nalgunhas zonas, polo que os prezos do servizo prestado non están axustados.

En Galicia existen 122 puntos limpos, dos cales 110 foron construídos pola Xunta por un importe de máis de 24 millóns de euros. Ao longo da presente lexislatura puxéronse en funcionamento 11 puntos limpos que non tiñan iniciada a súa actividade a pesar de ter rematadas as obras, -incluso algúns desde aí máis de dous anos,- como o caso de: A Peroxa, A Pobra de Trives, Guntín, As Somozas, Curtis, Mancomunidade Terras de Celanova, Covelo, Quiroga, Melide, Sobrado e Bande.

O departamento que dirixe Agustín Hernández habilitará unha liña de financiamento destinada á introdución de melloras na xestión e explotación dos puntos limpos, ademais de continuar potenciando a implantación doutras instalacións ou equipamentos similares. Unha segunda liña de incentivos, que pretende ser complementaria, estará destinada á prevención e recollida selectiva de residuos.

Ata o de agora as axudas non incorporaban exixencias ou requirimentos que fixesen preciso, por parte dos responsables destas instalacións, analizar ou avaliar as necesidades e prioridades a que destinar as subvencións percibidas

**Finalidade das axudas**

Á parte dos residuos, outro dos problemas ambientais primordiais a que se enfronta a sociedade é a loita contra o cambio climático. Ben que é certo que este se presenta como un fenómeno de dimensións globais que debe ser abordado no ámbito internacional, tamén o é o feito de que a súa solución pasa, necesariamente, polo traballo conxunto de todos os sectores da sociedade, incluídos os diferentes niveis administrativos e, dentro destes, mención especial merece o labor dos concellos pola súa proximidade e relación directa cos cidadáns.

Entre as actuacións subvencionables pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas están incluídas as que se detallan a continuación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

Actuación	Subvención	Importe máx. para entidades municipais	Importe máx. para entidades supramunicipais
En materia de <b>xestión de residuos</b> serán obxecto de subvención diversas actuacións:  - Transporte de residuos sólidos urbanos de bolsa negra ata as estacións de transferencia ou plantas de xestión máis próxima, que deberá estar situada a máis de 25 quilómetros	100%	0,16 euros/tonelada / quilómetro	0,16 euros/tonelada/ quilómetro
- Introducción de melloras na xestión e explotación dos puntos limpos, así como a implantación doutras instalacións ou equipamentos similares	70%	10.000 euros*	20.000 euros*
- Prevención e recollida selectiva de residuos: elaboración de programas locais de prevención de residuos, fomento da autocompostaxe; ambientalización de eventos, acontecementos e festas populares; posta en marcha de sistemas especiais de recollida selectiva...	70%	8.000 euros*	16.000 euros*
<b>Mitigación ou adaptación ao cambio climático:</b> - Investimentos que produzan unha redución efectiva de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) - Accións que supoñan unha redución das emisións distintas dos GEI	70%	6.000 euros*	12.000 euros*
<b>Implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)</b>	Implantación	12.500 euros	
	Implantación desde norma ISO 14.001	60%	2.500 euros
	Renovación	5.000 euros	
Outras actuacións: - Investimentos en sonógrafos e outros equipamentos que permitan a medición da contaminación acústica - Investimentos en aparellos que permitan medir o grao de contaminación do aire	60%	6.000 euros	12.000 euros

\*Dos cales ata un máximo dun 20% poderán destinarse a actividades de educación e sensibilización

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Poderanse subvencionar ademais medidas de educación e sensibilización ambiental, que deberán consistir en: campañas, exposicións, xornadas, conferencias, edición de folletos, deseño e posta en marcha de instrumentos de información innovadores que favorezan o coñecemento dos problemas ambientais; a existencia de puntos limpos e outras actuacións similares que respondan á finalidade de difusión e información ambiental perseguida con esta orde.

**Destinatarios**

Poderán beneficiarse destas axudas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como concellos, mancomunidades, deputacións provinciais e outras agrupacións de municipios legalmente constituídos. Unha mesma entidade local poderá solicitar axudas para máis dunha categoría, ata un máximo de tres e cos límites das contías sinaladas. As solicitudes presentadas para o transporte de residuos urbanos non computan para os efectos destas limitacións.

Estas axudas serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas ou entes dependentes delas; así como por entidades privadas. Non obstante, serán incompatibles con calquera outra con cargo ao orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En todo caso, a obtención de axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade ou investimento. En caso de que se superase este, o importe da axuda minorarase o necesario para non superar este límite.

O período subvencionable abarcará os gastos relativos relativos ás actuacións subvencionables realizadas polas entidades beneficiarias entre o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de outubro de 2011, salvo no caso do transporte de residuos sólidos urbanos, en que se terán en conta as actuacións efectuadas entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de outubro de 2010.

## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE PON EN MARCHA UN PROXECTO PILOTO DE ATENCIÓN E SEGUIMENTO A PACIENTES INCLUÍDOS EN GRUPOS DE RISCO POR VAGA DE CALOR**

A Consellería de Sanidade vai poñer en marcha, na provincia de Ourense, un proxecto piloto de atención e seguimento a pacientes incluídos en grupos de risco por vaga de calor, co obxectivo de reducir o impacto que as altas temperaturas poden ter sobre a saúde, especialmente naqueles grupos máis susceptibles. Con posterioridade, e unha vez avaliados o impacto e os resultados, valorarase a súa extensión a toda a Comunidade Autónoma.

### **Actuacións que se van desenvolver**

En primeiro lugar, definiranse os grupos de risco. No nivel 0 estarán as persoas maiores de 65 anos que teñan unha ou máis das seguintes patoloxías: Epoc, insuficiencia cardíaca, demencia, insuficiencia renal, obesidade excesiva, hipertensión e diabetes mellitus, e que estean a tratamento con diuréticos, hipotensores, anticolinérxicos, antidepressivos e psicotropos. Tamén están neste nivel os nenos menores de 4 anos e, especialmente, os lactantes.

No nivel 1 atoparanse as persoas maiores de 65 anos, que vivan soas ou que convivan con persoas de similares características; que padezan máis dunha das seguintes patoloxías en grao avanzado ou en situación de control inestable: Epoc, insuficiencia cardíaca, insuficiencia renal, obesidade excesiva, hipertensión e diabetes mellitus; que estean a tratamento con máis dun medicamento do grupo dos diuréticos, hipotensores, anticolinérxicos, antidepressivos e psicotropos, e que teñan unha vivenda difícil de refrixerar.

No nivel 2 están as persoas maiores de 65 anos que vivan soas ou que convivan con persoas de similares características; que padezan máis dunha das seguintes patoloxías en grao avanzado ou en situación de control inestable: Epoc, insuficiencia cardíaca, demencia, insuficiencia renal, obesidade excesiva, hipertensión e diabetes mellitus; que estean a tratamento con máis dun medicamento do grupo dos diuréticos, hipotensores, anticolinérxicos, antidepressivos e psicotropos; que teñan unha vivenda difícil de refrixerar e que non reciban visitas.

A fase piloto comezará na provincia de Ourense e nas persoas seleccionadas por atención primaria e incluídas no nivel 2 de risco. Para crear a base de datos, o persoal de enfermaría seleccionará os pacientes do seu cupo, que cumpran os criterios para seren incluídos nalgún dos niveis dos grupos de risco. A base de datos creada deste xeito será compartida entre o 061 e atención primaria.

Este sistema permitirá que cando se declare algún nivel de alerta por altas temperaturas nun concello ou área de Ourense, a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación o comunique ao persoal de enfermaría da Central de Coordinación de Urxencias do 061



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

vía correo electrónico. Ademais, a información estará dispoñible na páxina web na antedita dirección xeral.

Os pacientes incluídos no programa recibiron unha chamada do persoal de enfermaría da Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias do 061 durante a primeira semana do programa (primeira semana de xullo), co fin de establecer e confirmar unha canle de comunicación; explicarlles o alcance e os obxectivos do programa, proporcionarlles recomendacións preventivas básicas e, ademais, analizar e confirmar o nivel de vulnerabilidade preestablecido.

Cada vez que se declare unha situación de alerta, o persoal de enfermaría de consulta telefónica chamará os pacientes incluídos na base de datos para avaliar a situación e o estado dos pacientes, e lembrarlles as recomendacións básicas. Desta forma, cando se declare unha alerta amarela realizarase unha chamada ese mesmo día aos pacientes de risco da área afectada. En alerta laranxa realizarase unha chamada ese mesmo día e outra ao día seguinte. En alerta vermella realizarase unha chamada ese mesmo día e nos dous días seguintes.

Cando se reciba na Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias do 061 unha notificación de nivel de alerta para unha área ou concello determinado, o seu persoal de enfermaría avisará a todo o persoal asistencial de atención primaria da área correspondente, a través de SMS ou correo electrónico.

Como sempre que se produce unha demanda a través do número de consulta sanitaria 902 400 116, calquera eventualidade detectada no contexto da entrevista, poderá, a criterio do persoal de enfermaría, ser trasladada a un médico do 061 para a súa valoración, e se a situación así o aconsella, enviar o recurso sanitario máis conveniente para resolver o problema.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O 99,3% DAS PERSOAS QUE ACUDIRON AOS DISPOSITIVOS DO PLAN DE ASISTENCIA AO PEREGRINO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE AMÓSANSE SATISFEITOS DO TRATO E DA INFORMACIÓN RECIBIDA NELES**

- *Nos tres primeiros meses deste dispositivo, que se puxo en marcha en abril, foron atendidas 759 persoas, o 60% delas en xuño*
- *Activáronse dous puntos de atención sanitaria, un no Monte do Gozo e outro na Casa do Deán, atendidos por persoal de enfermaría coa colaboración do persoal médico do 061 cando é necesario*

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a través do Plan de Asistencia Sanitaria ao Peregrino activado para este Xacobeo 2010, atendeu, ata o 30 de xuño, 759 persoas. A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, deu conta hoxe destes datos aos membros do Consello da Xunta, e sinalou o alto grao de satisfacción dos cidadáns atendidos, xa que o 99,3% deles consideraron a asistencia sanitaria e a información recibidas como satisfactorias, bastante satisfactorias ou moi satisfactorias. Ademais, o 97,5% opinou que as características dos locais son adecuadas, e o 95% opinou que estes son accesibles, bastante accesibles ou moi accesibles.

Este dispositivo sanitario do 061 –posto en marcha o pasado 1 de abril- está composto por dous puntos de atención sanitaria, un no Monte do Gozo e outro na Casa do Deán, atendidos por persoal de enfermaría coa colaboración do persoal médico do 061 cando é necesario e nos cales se realizan unha media diaria de oito atencións sanitarias.

Das 759 persoas atendidas, 402 recibiron asistencia no punto de atención sanitaria da Casa do Deán e 357 achegáronse ao punto de atención do Monte do Gozo. O pico máis importante de peregrinos atendidos rexistrouse no mes de xuño, co 60% do total.

En canto ás idades das persoas que se achegaron ata estes dispositivos, a marxe é moi ampla, xa que abarca desde nenos de 9 anos ata maiores de 90 anos. Así, o pico máis elevado é o intervalo de 30-39 anos, con 169 persoas; seguido do intervalo de idade de 20-29 anos, con 142 persoas; e baixa a 135 e 129 persoas nas marxes de idade de 40-49 e 50-59 anos, respectivamente.

**Orixe dos peregrinos**

Urgencias Sanitarias ten tamén rexistrada a orixe das persoas que acudiron aos dispositivos de asistencia do Xacobeo 2010, das que un 77% (586 persoas) eran españois. Os madrileños -cun 20%- e os propios galegos -cun 15%- son os cidadáns das dúas comunidades que destacan sobre os demais, atendendo aos rexistros do 061.

Doutras nacionalidades, os peregrinos que rexistraron máis atencións eran de orixe alemá, italiana, brasileira e portuguesa, entre outros. A maioría deles, o 71%, realizaron peregrinaxes de entre un e nove días de duración.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os motivos de atención máis comúns son os propios de pasar días e horas camiñando, así como os de levar un estilo de vida ao cal o corpo non está afeito. Neste sentido, das asistencias realizadas aos peregrinos que se achegaron aos puntos de atención do Monte do Gozo e da Casa do Deán, nun 45% tratouse de lesións de pel, seguido dun 14% de deterioración da deambulación e nun 13% problemas de mobilidade física (escordaduras, tendinites, torceduras...). O resto de patoloxías tratouse de fatiga, infeccións respiratorias, molestias gastrointestinais, etc.

### Plan de asistencia

A experiencia de Xacobeos anteriores permitiu a Urgencias Sanitarias deseñar o Plan de Asistencia Sanitaria ao Peregrino, atendendo a afluencia de camiñantes, e determinar horas e épocas puntas de demanda asistencial. Así, a Casa do Deán está a disposición de calquera peregrino en horario de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, onde un enfermeiro pode ofrecerlle asistencia sanitaria. No punto de atención sanitaria do Monte do Gozo permanece un enfermeiro en horario de 17.00 a 20.30 horas.

Ademais, debido ao aumento de demanda, o dispositivo estase a reforzar para os días en que se prevé maior afluencia, en torno ao 25 de xullo, Día do Apóstolo. Así, haberá un membro máis do persoal de enfermaría para dar apoio durante as misas do peregrino na propia catedral e ampliarase o horario de atención unha hora na Casa do Deán, que pechará máis tarde.

Así mesmo, Urgencias Sanitarias, a través dos teléfonos 061 e 902 400 116, dá resposta as 24 horas do día a calquera cidadán que visite Galicia e se atope ante unha situación de urxencia sanitaria. A Xunta intensificou a colaboración con outras institucións –como Cruz Vermella– para reforzar tanto o persoal como o transporte para a asistencia sanitaria e o traslado, no caso de ser necesario, dos peregrinos que o precisen.

Tamén se levou a cabo unha campaña informativa e de prevención que inclúe a edición dunha *Guía sanitaria do peregrino*, con información aos visitantes sobre os diferentes puntos de asistencia sanitaria e sobre as situacións en que deben chamar ao 061 e que se distribuíu en albergues, hoteis e oficinas de turismo dos oito camiños. A esta engadíronse folletos divulgativos sobre consellos e medidas preventivas referidas ao tipo de roupa e calzados recomendados, alimentación, etc.

Ademais destes dispositivos presenciais mencionados, cada cidadán que visite Galicia e precise asistencia sanitaria ou consello médico telefónico, pode chamar ao 061 ou 902 400 116 respectivamente, as 24 horas do día, e o persoal sanitario destes servizos valorará a situación e dará a resposta ou o consello máis adecuado.